

## FICHA RESUME

PE 403A 2007/65-5

|                                       |                                                                 |
|---------------------------------------|-----------------------------------------------------------------|
| <b>Ano</b>                            | 2008                                                            |
| <b>Entidade</b>                       | CONFRARÍA DE PESCADORES DE VIGO                                 |
| <b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b> | PLAN DE EXPLOTACIÓN DE OURIZO                                   |
| <b>Réxime<sup>(2)</sup></b>           | ZONA DE LIBRE MARISQUEO                                         |
| <b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>       | MERGULLO EN APNEA OU CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE A SUPERFICIE |

|                                |                                         |
|--------------------------------|-----------------------------------------|
| <b>Especies</b>                | Ourizo ( <i>Paracentrotus lividus</i> ) |
| <b>Ambito do plan</b>          | De cabo de Mar á praia de Abra.         |
| <b>Subzonas de explotación</b> |                                         |

| Participantes no plan de explotación                |              |                           |
|-----------------------------------------------------|--------------|---------------------------|
| <b>Número de permex/persoas autorizadas</b>         |              |                           |
| Mariscadoras/es a pé                                | Embarcacións | Tripulantes               |
|                                                     | 6            | 9                         |
| <b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b> |              | <b>Si</b> <b>Non</b>      |
| Mariscadoras/es a pé                                | Embarcacións | Tripulantes/Habilitacións |
|                                                     |              |                           |

| Calendario de explotación                                                                                         |     |     |       |      |      |       |        |        |       |        |     |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----|-----|-------|------|------|-------|--------|--------|-------|--------|-----|
| <b>Días máximos de extracción</b>                                                                                 |     | 80  |       |      |      |       |        |        |       |        |     |
| <b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b> De xaneiro a abril, novembro e decembro. Ámbito do plan. |     |     |       |      |      |       |        |        |       |        |     |
| <b>Modalidade<sup>(3)</sup>:</b> mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie.                    |     |     |       |      |      |       |        |        |       |        |     |
| xan                                                                                                               | feb | mar | abril | maio | xuño | xullo | agosto | setemb | outub | novemb | dec |
| X                                                                                                                 | X   | X   | X     |      |      |       |        |        |       | X      | X   |

| Topes de captura <sup>(6)</sup> |      |             |                         |
|---------------------------------|------|-------------|-------------------------|
| Especies                        | A pé | Embarcación | Tripulante/habilitación |
| Ourizo                          |      | 150 kg      | 75 kg/tripulante        |

|                          |                                                              |
|--------------------------|--------------------------------------------------------------|
| <b>Artes a empregar</b>  | Mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie |
| <b>Puntos de control</b> | Zona de traballo e lonxa de Canido                           |
| <b>Puntos de venda</b>   | Lonxa de Canido                                              |

| Accións a realizar <sup>(7)</sup>      | Épocas probables <sup>(8)</sup> |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |
|----------------------------------------|---------------------------------|---|---|---|---|---|----|---|---|---|---|---|
|                                        | X                               | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| <b>Rexeneración zonas improdutivas</b> |                                 |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |
| Zonas:                                 |                                 |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |
|                                        | X                               | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| <b>Extracción semente para resembr</b> |                                 |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |
| Zonas:                                 |                                 |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |
| Especies:                              |                                 |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |
|                                        | X                               | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| <b>Sementeiras</b>                     |                                 |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |
| Zonas:                                 |                                 |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |
| Especies:                              |                                 |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |
|                                        | X                               | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| <b>Traslados</b>                       |                                 |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |
| Zonas:                                 |                                 |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |
| Especies:                              |                                 |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |
|                                        | X                               | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |

|                          |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |
|--------------------------|---|---|---|---|---|---|----|---|---|---|---|---|--|
| <b>Rareos</b>            |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |
| Zonas:                   |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |
| Especies:                |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |
|                          | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |  |
| <b>Limpezas e arados</b> |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |
| Zonas:                   |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |
|                          | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |  |
| <b>Outros</b>            |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |

#### **Outras consideracións <sup>(9)</sup>**

Con respecto á PROPOSTA DE AMPLIACIÓN, e á vista dos informe técnicos non se acepta a ampliación do número de embarcacións e tripulantes que figura contemplada na proposta de plan, dado que non existe ningunha avaliación da biomasa de ourizo presente nas zonas a explotar, e ademais continua a tendencia descendente das capturas e do esforzo sobre o recurso. Ademais sería necesaria unha mellora do funcionamento dos puntos de control e do nivel organizativo do colectivo. Finalmente lembrar que calquera ampliación de embarcacións ou tripulantes realizarse de conformidade coa resolución de 9 de outubro de 2007 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se modifica o baremo aplicable para o acceso á explotación dos recursos específicos, non podendo propoñer no plan ás novas embarcacións, nin asignar aos novos tripulantes a embarcacións concretas.

Cumpre sinalar que na acreditación da aprobación do plan polo cabido da confraría de data 19.10.2007, indicase a confraría confecciona os plans de recursos específicos ante a disparidade de criterios do colectivo de mergulladores, e apoiándose nunha acordo consensuado do colectivo de data 14.05.2004. Nesa acta acordouse solicitar a modificación dos plans de explotación para o ano 2004, ampliando tripulantes nas embarcacións que tiñan un só tripulante, pero non se refire ao incremento de maior número de barcos. Considerase necesario a conformidade do colectivo de mergulladores con respecto á proposta de ampliación dos participantes, dado que a acta do 2004 basease na consulta a dito sector.

Con respecto á aprobación do plan e considerando que na proposta presentada contémplanse unha ampliación do número de participantes, que o custo de contratación dun controlador será imputado ao colectivo, sancións por incumprimento de normas do plan; considerase necesario que se acredite a aprobación da proposta de plan de explotación colectivo a pesares de non existir agrupación sectorial constituída ao abeiro do Decreto 261/2002, de 30 de xullo.

Con respecto á ZONA DE TRABALLO, o plan para o ano 2007 foi autorizado dende Cabo de Mar ata praia de Abra, este ano ao igual que o pasado solicítase ampliar a zona de produción ata Puntal de Serra. Sen embargo na carta náutica incluída no plan de explotación figuran como zona de extracción de Cabo de Mar ata a Praia de Abra (límite norte).

Tendo en conta que habería solapamento con respecto á zona solicitado polo plan de ourizo da confraría de Baiona, que solicita ata a praia de Abra polo Norte, e que a zona de produción debe reflectir aquelas zonas nas que realmente existe extracción ou se dan as condicións favorables para unha futura explotación, o cal non é o caso da praia de Abra, que non é o biótomo adecuado para esta especie. Polo que a **zona de traballo queda establecida de Cabo de Mar a praia de Abra.**

De acordo co informe técnico, o número de días máximo autorizado redúcese a 80 e o tope de captura establécese en 75 kg/tripulante/día e ata 150 kg/embarcación, á vista dos datos de captura.

Non se poderá simultanear a explotación de distintos recursos específicos, situación que daría lugar á baixa inmediata nos plans de explotación.

De conformidade co establecido no artigo 126 do Decreto 424/1993, do 17 de decembro, a captura de ourizo poderá realizarse "tódolos días laborables, agás sábados e vésperas de festivos, en horario abranguido entre as 9:00 e 15: 00 horas".

Segundo o informe de mergullo de data 7.11.2007, autorízase a realización das inmersións necesarias para a extracción de ourizo con subministro de aire dende superficie, sempre que se comunique o xefe de equipo e o plan sexa aprobado á efectos de seguridade polo autoridade marítima correspondente.

As labores de rareos e traslados son accións beneficiosas para a explotación dos bancos marisqueiros, contribuindo a manter ou incrementar os niveis de produción; sen embargo é necesario un certo nivel de organización para que se realicen de forma exitosa e se acaden os obxectivos previstos, xa que en caso contrario o seu efecto pode ser máis prexudicial que beneficioso para o recurso. Polo tanto, non se estima conveniente que nas condicións actuais se podan autorizar as labores de rareos e traslados previstos pola confraría de Vigo. A realización destas acción só podería darse no caso dunha mellora organizativa do sector, seguindo as recomendación técnicas e deixando un mínimo de 2 anos de veda para permitir o crecemento e reprodución dos exemplares traslados.

\*